

RAWLS, JOHN. A THEORY OF JUSTICE (1ª ed. 1971, 2ª ed. rev.1992)

Introdución xeral: Obxección, desobediencia e democracia:

John Rawls plantexa o **debate acerca do dereito á obxección de conciencia** e, especialmente, o **dereito á desobediencia civil** en relación a un **régime democrático**. Dende o punto de vista teórico, nin a obxección de conciencia nin a desobediencia civil resultan problemáticas se falamos de réximes autoritarios, tiránicos e despóticos como, por exemplo, as ditaduras ou as monarquías absolutas. As dificultades para xustificar tanto a **obxección de conciencia**, como, sobre todo, a **desobediencia civil** preséntanse no caso dun **régime constitucional de base democrática**.

En resume, o filósofo norteamericano trata de reflexionar sobre as condicións baixo as cales resultan lexítimas a **obxección de conciencia** e a **desobediencia civil** dentro dunha **sociedade casi xusta**, unha **sociedade ben ordeada**, pero na que, sen embargo, persisten graves inxustizas.

Especialmente relevante resulta o caso da desobediencia civil: **¿baixo que circunstancias está xustificada a desobediencia xeralizada a leis, institucións e autoridades lexítimas dun Estado democrático?**

En palabras de Rawls: “¿En qué punto deja de ser obligatorio el deber de obedecer las leyes promulgadas por una mayoría legislativa (o por actos ejecutivos aceptados por tal mayoría) en vista del derecho a defender las propias libertades y el deber de oponernos a la injusticia?”
(RAWLS, John. Teoría de la justicia)

Definición *Desobediencia civil (civil disobedience)* en Rawls:

- **Acción pública**: faise abertamente, con aviso ás autoridades públicas, non de forma clandestina nin de xeito oculto.
- **Acción non violenta**: exclúe o uso da forza física contra as persoas ou a destrución violenta de bens privados ou públicos; a súa forza é simbólica e moral, non coercitiva.
- **Acción consciente e política**: é unha violación deliberada da lei por motivacións, principalmente, políticas (que non exclúe motivos de conciencia), fundamentada nunha **concepción pública de xustiza** que apela ao sentido de xustiza compartido pola maioría (ou incluso) o conxunto da sociedade.
- Acción de protesta contra unha lei particular (ou unha actuación gubernamental concreta), pero **leal á constitución e respetuosa coas regras da política democrática**: quebrántase unha norma concreta para chamar a atención sobre unha grave inxustiza, pero recoñecendo a autoridade do sistema constitucional no seu conxunto e dos principios do ordenamento democrático.
- **Obxectivos políticos**: a finalidade é **cambiar unha lei ou unha política gubernamental** oposta á idea compartida pola maioría da sociedade acerca do que se considera xusto.

- **Aceptación das consecuencias:** quen practica a desobediencia civil responsabilízase das súas accións, asumindo, en principio, as **sancións legais** que poidan resultar do acto de desobediencia civil, mostrando, deste xeito, un respecto pola legalidade e polas regras do xogo democrático.

Xustificación da Desobediencia civil:

- **Condicións de xustificación (desobediencia civil xustificada, razoable ou lexítima):**
 - **Inxustizas graves** e persistentes que son contrarias á **concepción pública/política da xustiza** compartida por unha sociedade democrática:
 - a) Infracción do **principio democrático de igual liberdade [the principle of equal liberty]** (violación das **liberdades básicas** sobre as que se asenta o estatuto de **ciudadanía igualitaria**).
 - b) Incumprimento do **principio democrático de xusta igualdade de oportunidades [the principle of fair equality of opportunity]** (no acceso igualitario ou equitativo a cargos e funcións nas institucións públicas).
 - **Último recurso.** Exploración previa das vías legais e políticas ordinarias para expor as demandas e **inviabilidade das canles ordinarias de reclamación**.
 - **Moderación** e cálculo dos efectos: debe evitarse unha situación de **graves desordes públicos** que supoña unha **falta xeralizada de respecto á lei** que poña en perigo o ordeamento constitucional ou o réxime democrático xusto ao que se apela.

Papel da Desobediencia civil:

O lugar que ocupa nun *Estado próximo á xustiza*, en relación a un **sistema constitucional de réxime democrático**, pero con **graves inxustizas**.

- Apelar ao **sentido da xustiza** do conxunto da sociedade para denunciar que os **principios públicos de xustiza**, nos que concorda a maioría da cidadanía, están sendo violados.
- Recurso que, empregado con **moderación** e dentro dos **límites de fidelidade e respecto á lei**, pode contribuir á **mellora e estabilidade do sistema constitucional** e que axuda a **manter e reforzar as institucións xustas dun réxime democrático**.

Definición Obxección de conciencia (conscientious refusal) en Rawls

- **Incumprimento dunha orde ou dun mandato directo:** negativa a obedecer unha orde legal específica ou unha disposición administrativa concreta que se dirixe a unha persoa ou un grupo determinado.
- Acción (ou omisión) **privada, non necesariamente pública:** pode non facerse no *espazo público*; non pretende, en primeira instancia, interpelar

á opinión maioritaria da sociedade nin manifestar publicamente unha situación de inxustiza.

- Fundamento na **conciencia individual**: baséase en **conviccións morais ou relixiosas persoais**, que poden, incluso, estar **en conflito coa concepción pública de xustiza** compartida pola maioría da sociedade.
- **Non é, en esencia, un acto político**: non precisa apelar a **principios políticos compartidos** (as liberdades básicas de cidadanía igualitaria ou a xusta igualdade de oportunidades); acostuma a apoiarse en **crenzas relixiosas ou morais individuais**.
- **Escasa ou nula relación co ordeamento constitucional e os principios democráticos** (liberdade e igualdade): dependendo de cada caso, está máis ou menos **afastada do consenso constitucional**, porque **non adoita apelar aos principios de xustiza compartidos polo conxunto da cidadanía**, senón á **integridade moral do suxeito**.

